

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, O SUBMINISTRO DE UN CAMIÓN DOTADO CON EQUIPO COMPLETO DE BACHEO, COFINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

1. RÉXIME XURÍDICO E PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato a que se refire o presente prego, en virtude do disposto no artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) é de natureza administrativa e rexerese polo disposto na as súas disposicións de desenvolvemento.

O artigo 16 da LCSP establece que son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables.


Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e na súa falta no dereito privado.

O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), o prego de prescricións técnicas e demais anexos, terán carácter contractual.

O contrato axustarase ao contido do presente PCAP cuxas cláusulas se considerarán parte integrante do respectivo contrato.

En caso de discordancia entre o presente Prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o PCAP no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos, anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola administración, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obrigaón do seu cumprimento.



Ademais do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, terán carácter contractual a oferta presentada polo adxudicatario e o documento de formalización do contrato.

Xustificación de elección do procedemento.- En cumprimento do establecido no art. 116.4 da LCSP o contrato adxudicarase por procedemento aberto.

2. CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS.

2.1. Disposicións xerais.


2.1.1. Obxecto e necesidade do contrato.

É a adxudicación, mediante procedemento aberto do subministro de un camión dotado con equipo completo de bacheo, pola subvención do Fondo de Compensación Ambiental concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con suxeición a este prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), así como ao de condicións técnicas (PPT), documento que se considera parte integrante do presente prego e se incorpora como anexo ao mesmo, no que se describen as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

.- ESPECIFICACIÓNS REQUERIDAS PARA O SUBMINISTRO:

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO CHASIS:

- P.M.A.: 18.000 KGS
- Configuración: 4X2
- Distancia entre ejes: entre 4.160 y 4.190 mm.
- Potencia mínima: 300 CV
- Motor de 6 cilindros
- Ano de matriculación > ó = 2.010
- Kms. max. 575.000
- Cambio manual
- Suspensión neumática traseira, con dous coxins de aire, amortiguadores telescópicos e barra estabilizadora de torsión.
- Nivelación electrónica da suspensión neumática.
- Dirección hidráulica
- Nivel de emisións mínimo: EURO 4
- Cabina con 5 prazas homologadas
- Asento condutor neumático



CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DEL EQUIPO DE BACHEO:

Cuba de emulsión

- En aceiro, capacidade mínima 2.500 litros
- Boca de hombre con esqueira de acceso
- Termómetro indicador graduado de 0 à 120°C
- Indicador de nivel tipo flotador con sector graduado
- Posta ao aire libre permanente por chicane

Illamento da cuba

- Illamento espesor mínimo 100 mm,
- Capa de lana de roca de alta densidade cruzada
- Protección con chapa DURALINOX ou similar
- Supresión das pontes térmicas reducindo así as pérdidas de calor

Dispositivo de quecemento

- Queimador con encendido manual
- Tubo hogar en forma de U, cheminea de evacuación de gases
- Cheminea INOX de evacuación de gases
- Depósito de combustible independente mínimo 35 litros homologado
- Termómetro indicador da temperatura do ligante
- Seguridade de corte do quecemento, en caso de nivel de ligante insuficiente

Bomba de ligante

- Caudal máximo 15 m³/h con by-pass de seguridade
- Accionada por motor hidráulico

Circuíto de ligante

- Valvulería necesaria para la alimentación de la lanza manual
- Carga por boca de hombre equipada de un filtro
- Re-aspiración do ligante ao final do traballo

Lanza manual

- Boquilla de difusión con pulverizador cónico
- Lanza en aluminio con empuñadura de manobra
- Tubería flexible de mínimo 15 metros con enrolado automático



Tolva

- Capacidade mínima: 2 x 1500 litros
- Con bocas de extracción dotadas dunha tapa articulada
- Comporta de apertura lateral para enchido dunha carretilla
- Sistema de baleirado rápido

Hidráulica

- Accionamento hidráulico por medio de la toma de forza do chasis

Circuíto de aire

- Alimentación dende el camión portador
- Depósito de a bordo mínimo 30 litros
- Manómetro de control, filtro, regulador
- Valvulería, equipos de control e de seguridade que permita efectuar as operacións seguintes:
 - Limpeza con aire comprimido das canalizacións de ligante e da lanza manual
 - Alimentación queimador

Pintura


Mano de imprimación anticorrosivo e 2 mans de pintura de terminación

Aportarase catálogo completo do vehículo e equipos ofertados, xunto cunha táboa ou folla descritiva, aportada polo fabricante con tódalas características técnicas e funcionais dos mesmos, así como toda aquela documentación complementaria que se considere oportuna.

A solución ofrecida será sólida, de recoñecido prestixio e de probada solvencia, e será conforme coas directiva se regulacións en vigor que lle afecten, no caso do camión.

A empresa provedora do equipo facilitará a prestación dun servizo de mantemento e asistencia técnica posterior eficaz, garantindo unha atención post venta eficiente e de resposta rápida, tendo en conta a importancia do bo estado operativo do equipo en funcionamento diario do servizo de mantemento da Mancomunidade do Salnés.

De conformidade co artigo 99.3 LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente. No presente contrato, a xustificación da non división en lotes ven motivada pola posible incompatibilidade de utensilios entre diferentes marcas de vehículos tractor.



A codificación correspondente para este servizo da nomenclatura de vocabulario de contratos públicos (CPV) é a seguinte: 34144400-2 Vehículos para o mantemento de carreteras.

2.1.2. Órgano de Contratación

De conformidade co artigo 61 da LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída á facultade de celebrar contratos no seu nome.

A disposición adicional segunda da LCSP dispón que corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de servizos, cando o seu valor estimando non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin en calquera caso a contía dos 6 millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, incluídas as eventuais prórrogas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin á contía sinalada.

Sen prexuízo do anterior os órganos de contratación, poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia, co cumprimento das normas e formalidades aplicables á delegación ou desconstracción de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos.

Para o presente contrato o órgano de contratación é o Presidente da Mancomunidad do Salnés, xa que non supera o 10% dos recursos ordinarios do presuposto da Mancomunidad do Salnés.


2.1.3. Valor Estimado.

O valor estimado do contrato segundo o disposto no artigo 101 da LCSP ascende á cantidade de 99.173,55 € (IVE excluído).

2.1.4. Presuposto Base de Licitación.

De conformidade co establecido no artigo 100 da LCSP o presuposto base de licitación ascende ao importe de 120.000,00 € (IVE engadido). Neste importe enténdense incluídos os costes directos e indirectos do persoal segundo o convenio colectivo sectorial aplicable e categoría.

Desglosado en 99.173,55 € máis 20.826,45 € de IVA: TOTAL: 120.000,00 €



CAMIÓN BACHEO	99.173,55 €
IVE 21%	20.826,45 €
TOTAL (IVE incluído)	120.000,00 €

Toda oferta superior a dita cifra será automaticamente rexeitada.

2.1.5. Prezo do Contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo. No prezo do contrato consideraranse engadidos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no prego.

2.1.6. Existencia de Crédito.

O subministro financiarase con cargo á aplicación orzamento do gastos nº 19.172.609.00, financiándose nun 65% con cargo ao Fondo de Compensación ambiental e o restante 35% con cargo a fondos propios procedentes de aportacións dos Concellos.

2.1.7. Prazo de duración.

O subministro do camión de bacheo do presente contrato terá que ser entregado antes do 31 de outubro do 2019.


2.1.8. Perfil do Contratante.

No perfil do contratante da Mancomunidad do Salnés publicarase, a licitación, a adxudicación do contrato, así como calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no art. 63 LCSP.

O acceso público ao perfil de contratante efectuarase a través da páxina web da Mancomunidad do Salnés cuxa dirección é a seguinte: www.osalnes.com e na Plataforma de contratación do Estado.

2.2. Cláusulas especiais de licitación.

2.2.1. Presentación de proposicións.



Para a licitación do contrato actual, non se presentarán as ofertas utilizando medios electrónicos xa que a Mancomunidad do Salnés carece de xestor documental que soporte licitación electrónica así como obriga de achegar documentación a escala que non poden ser transmitidos mediante presentación electrónica (Disposición Adicional 15ª LCSP apartado 3º).

As proposicións presentaranse exclusivamente no Rexistro Xeral de Entrada da Mancomunidad do Salnés, sito Paseo da Calzada s/n 36630 Cambados 1ª planta en horario de 09:00 a 14:00 horas no prazo de 15 días naturais a contar do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante. Se o último día do prazo fora inhábil entenderase que o prazo conclúe ás 13:30 horas do primeiro día hábil seguinte, de conformidade coa disposición adicional duodécima LCSP.

En ningún caso se admitirán as propostas que se presenten por correo electrónico.

2.3 Forma de presentación das ofertas

As ofertas presentaranse en papel. A Disp. Adic. 15ª LCSP 2017 establece que a presentación de ofertas e solicitudes de participación levará a cabo utilizando medios electrónicos. Non obstante o órgano de contratación non estará obrigado a esixir medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas, entre outros supostos, cando a utilización de medios electrónicos requira equipos ofimáticos especializados dos que non dispoñen xeralmente os órganos de contratación.

O sobre presentaranse pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles o número de referencia e a lenda “**Oferta suministro de un camión dotado con equipo completo de bacheo**”, o nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF. No seu interior farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen.

O Prazo de presentación de ofertas será de **quinze días naturais**, dende a publicación do anuncios.

2.4 Documentación a presentar. Garantía provisional e clasificación esixida.

2.4.1 Garantía provisional: Non se esixe.

2.4.2 Garantía definitiva: Non se esixe, atendendo ás características do subministro, conforme ao disposto no art. 107.1, parágrafo 2º da LCAP.

2.4.3 Clasificación do contratista: Non se esixe.

2.5 Documentación a presentar: Documentación administrativa e proposición técnica e económica:

A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional pola parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante.

As propostas constarán de tres sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente facendo constar en cada un deles o seu contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata:

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: “Subministro de 1 unidade camión 4x2 cabina larga, dotado cun equipo completo de bacheo”

SOBRE B: OFERTA TÉCNICA: CRITERIOS DEPENDENTES DE UN XUIZO DE VALOR: “Subministro de 1 unidade camión 4x2 cabina larga, dotado cun equipo completo de bacheo”


SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA: CRITERIOS CUANTIFICABLES MATEMÁTICAMENTE: “Subministro de 1 unidade camión 4x2 cabina larga, dotado cun equipo completo de bacheo”

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar máis dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de toda as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No Sobre A. Documentación acreditativa dos requisitos previos. Declaración responsable. “Subministro de 1 unidade camión 4x2 cabina larga, dotado cun equipo completo de bacheo”

De conformidade co previsto nos artigos 140 e 141 LCSP 2017, a declaración responsable deberá axustarse ao modelo facilitado no presente prego como **Anexo I**, o cal se corresponde co formulario normalizado do documento europeo único de contratación -DEUC- establecido polo Regulamento de Execución (UE) nº 2016/7.

Unións temporais:



En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegárase unha declaración responsable por cada empresa participante na que figurará a información requirida nestes casos no formulario do Documento Europeo Único de contratación -DEUC-. Adicionalmente achegárase o compromiso de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP 2017.

Ademais da declaración responsable referida, as empresas estranxeiras deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

O órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato.

Non obstante o anterior, cando o empresario estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou figure nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precalificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto para os citados órganos, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outra proba documental dos datos inscritos nos referidos lugares.

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 140 LCSP 2017, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

No Sobre B. Oferta técnica: Criterios dependentes de un xuízo de valor.
“Subministro de 1 unidade camión 4x2 cabina larga, dotado cun equipo completo de bacheo”

As empresas presentarán a documentación que se indica nos apartados relacionados a continuación:

a) Valoración das características e do estado xeral:

- Número de kilómetros.
- Número de horas de uso.
- Equipamento do vehículo/extras
- Potencia

b) Valoración das características técnicas do equipo de bacheo:

- Eficiencia
- Calidade

No Sobre C. **Proposición económica. Criterios cuantificables matematicamente.** “Subministro de 1 unidade camión 4x2 cabina larga, dotado cun equipo completo de bacheo”

Realizárase a oferta de acordo co modelo que figura no **ANEXO III** deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos criterios de prezo e prazo de entrega.

As empresas presentarán a documentación que se indica nos apartados relacionados a continuación:

a) Proposición económica: axustada ó modelo incluído no Anexo III a este prego. Rexeitarase calquera oferta que exceda dos límites de licitación.

b) Ampliación garantía: sobre o mínimo de 12 meses esixido.

c) Antigüidade do vehículo: o vehículo deberá ter unha antigüidade máxima de 15 anos.


3.- CRITERIOS DA ADXUDICACIÓN:

A adxudicación efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

3.1 Criterios dependentes de un xuízo de valor: 45 puntos.

Os documentos relativos á oferta, distintos do prezo que se deban aportar, especificanse no **Anexo II**.

a) Valoración das características e do estado xeral: Ata un máximo de 30 puntos.



- Número de kilómetros.
- Número de horas de uso.
- Equipamento do vehículo/extras
- Potencia

b) Valoración das características técnicas do equipo de bacheo: Ata un máximo de 15 puntos

- Eficiencia
- Calidade

3.2 Criterios cuantificables matemáticamente: 55 puntos

A proposición económica axustarase ao seguinte modelo previsto no **Anexo III**.

a) Prezo. Redución do prezo: 9 puntos.

Para a aplicación do criterio “A”, aplicarase a seguinte fórmula:

Fórmula de valoración: (Menor Oferta Económica / Oferta a valorar) x Puntuación Prezo.

$$\text{Puntuación} = \frac{\text{Menor Oferta Económica} \times 9 \text{ puntos}}{\text{Oferta analizada}}$$


b) Ampliación Garantía. Por cada 3 meses: 4 puntos. Ata un máximo de 16 puntos.

c) Antigüidade do vehículo:

O vehículo deberá ter unha antigüidade máxima de 15 anos.

Por cada ano de redución de antigüidade máxima: 2,00 puntos. Ata un máximo de 30,00 puntos.

É dicir :



Quince anos de antigüidade-	2,00 puntos
Catorce anos de antigüidade.....	4,00 puntos
Trece anos de antigüidade-.....	6,00 puntos
Doce anos de antigüidade-	6,00 puntos
Once anos de antigüidade-	7,50 puntos
Dez anos de antigüidade-	9,00 puntos
Nove anos de antigüidade-	10,50 puntos
Oito anos de antigüidade-	12,00 puntos
Sete anos de antigüidade-	13,50 puntos
Seis anos de antigüidade-.....	15,00 puntos
Cinco anos de antigüidade-.....	16,50 puntos
Catro anos de antigüidade-	18,00 puntos
Tres anos de antigüidade-.....	19,50 puntos
Dos anos de antigüidade-	21,00 puntos
Un ano de antigüidade-.....	30,00 puntos

Outorgaráselle a maior puntuación á empresa que mellor oferta realice e aos restantes en proporción a esta, por regra matemática de tres.

4.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario e o Interventor, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.



A composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente e contará cos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Jose Ramón García Guinarte, Xerente da Mancomunidad do Salnés ou persoa que a substitúa.

VOCAIS:

- Carmen Merino Moína, Secretario/a- interventora da Mancomunidad do Salnés ou persoa que a substitúa.
- Eva, Técnico de Turismo da Mancomunidad do Salnés ou persoa que a substitúa.
- Ana María Balsa Álvarez, AEDL da Mancomunidad do Salnés ou persoa que a substitúa.
- Sonia Rodríguez Domínguez, Administrativa da Mancomunidad do Salnés ou persoa que a substitúa.

SECRETARIO

- María del Carmen Merino Moína, Secretaria da Mancomunidad do Salnés

5.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS


5.1 Cualificación da documentación e apertura de proposicións.

A data e hora de apertura de proposicións publicarase no perfil do contratante con 2 días hábiles de antelación.

A apertura dos sobres contendo a proposición farase pola orde que proceda de conformidade co establecido no artigo 145 LCSP 2017 en función do método aplicable para valorar os criterios de adxudicación establecidos nos pregos. A apertura farase pola mesa de contratación. En todo caso, será público o acto de apertura de sobres que conteñan a parte da oferta avaliable a través de criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.

Finalizado o acto público, na mesma sesión, a mesa procederá a:

- 1º) Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.
- 2º) Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.



3º) Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

4º) Requirir á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, e todo iso no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación. No caso de que o empresario teña que presentar calquera outra documentación que non estea inscrita no Rexistro de Licitadores, a mesma terase que achegar no referido prazo de 7 días hábiles establecido para presentar a garantía definitiva.

Naqueles casos nos que non resultase esixible a obriga de figurar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, en aplicación ao disposto na Disposición Transitoria terceira da LCSP, ou cando algún dos datos ou documentos non constasen inscritos no referido Rexistro, a mesa de contratación deberá requirir ao empresario que presentase a mellor oferta, así como a todas as empresas integrantes da UTE que fose proposta como adxudicataria, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación presenten, no seu caso, a seguinte documentación:

5.1.1.- Capacidade de obrar.

5.1.1.1.- Se a empresa fose persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que conste as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF).

5.1.1.2.- Se se trata de empresario individual, o DNI ou documento que, no seu caso, substitúalle regulamentariamente.

5.1.1.3.- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



5.1.1.4.- Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa.

5.1.1.5. Sen prexuízo da aplicación das obrigacións de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asumibles aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. Devandito informe será elaborado pola correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior e acompañarase á documentación que se presente.

5.1.1.6.- As empresas estranxeiras presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán.

5.1.2.- Bastanteo de poderes.

No caso de que o licitador estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, non será necesaria a presentación do bastanteo de poder, cando dita representación conste debidamente inscrita.

No caso de que o licitador non estea inscrito no devandito Rexistro, os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a una persoa xurídica, deberán acompañar escrituras ou documentación acreditativa das facultades do representante debidamente bastanteada. En calquera caso os poderes deberán bastantearse previamente por un letrado en exercicio no ámbito do colexio profesional provincial ou por un notario. Tamén poderá selo no servizo: Gabinete de Asistencia, Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións locais da Deputación Provincial de Pontevedra.

- DNI orixinal do representante.
- Documentación que acredite a capacidade da persoa xurídica e das facultades do representante da entidade para participar en licitacións públicas. - Salvo que se trate de poderes especiais outorgados para o acto concreto da licitación, deberá constar a inscrición dos poderes no Rexistro Mercantil, en caso de sociedades.

5.1.3.- Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Obrigas tributarias:

a) Orixinal ou copia compulsada do alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas ao devandito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto. Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria. As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, o alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCAP. Ademais, o proposto adxudicatario non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello.

A Administración Local, de oficio, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento da devandita obriga.

Obrigas coa Seguridade Social: Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.

Os profesionais colexiados que, de conformidade coa Disposición Adicional Décimo oitava do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, estean exentos da obrigación de alta no réxime especial e que opten ou optasen por incorporarse á Mutualidade de Previsión Social do correspondente colexio profesional, deberán achegar unha certificación da respectiva Mutualidade, acreditativa da súa pertenza á mesma. A presentación da devandita certificación non exonera ao interesado de xustificar as restantes obrigacións que se sinalan no presente prego cando teña traballadores ao seu cargo, debendo, en caso contrario, xustificar dita circunstancia mediante declaración responsable.



5.1.4.- Inexistencia de prohibición para contratar

Tendo en conta que na cláusulas 14.6.A esíxese que os licitadores cumprimenten o anexo I onde se inclúe a declaración relativa a non estar incurso en prohibicións para contratar con a Administración, o licitador que presente a mellor oferta non terá que volver presentar dita declaración.

5.1.5. Acreditación da solvencia técnica e económica e financeira.

Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional (cando do licitador non estivera inscrito ou cando no certificado de inscrición non figuren estes extremos).

De conformidade co artigo 74 LCSP, para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito poderá ser substituído polo da clasificación.

Por tanto, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación correspondentes ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de que se detallan a continuación:

SOLVENCIA ECONÓMICA OU FINANCEIRA (en diante SEF).- Volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos anos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas que deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato (148.760,33 €)

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, ou no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial na que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL (en diante STP).- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza do obxecto do presente contrato no curso, que como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, data e destinatario, público ou privado dos mesmo e cuxo importe acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a (69.421,49 €).

Acreditarase a través de certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes no poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

Tal e como establece o artigo 90.4 da LCSP as empresas de nova creación, entendéndose por estas aquelas que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, acreditarán a súa STP a través de calquera outra maneira establecida no artigo 90.

Integración da solvencia con medios externos.- Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Por tanto, os licitadores poderán acreditar os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional especificados nesta cláusula baseándose na solvencia e medios doutras entidades.

A falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

De conformidade co artigo 75.1 LCSP, con respecto aos criterios relativos aos títulos de estudos e profesionais que se indican no artigo 90.1.e) ou á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades si estas van prestar os servizos para os cales son necesarias ditas capacidades.

